

## INTRODUCCIÓN.

Os sistemas dunares litorais son espazos dun alto valor paisaxístico e dunha rica diversidade biolóxica pero, a súa vez, dunha elevada sensibilidade e fraxilidade. Estes ecosistemas xogan, ademáis, un papel eficaz na defensa natural da costa fronte á erosión mariña.

Os sistemas praias-dunas están formados principalmente por materiais non consolidados, normalmente sedimentos de tamaño das areas (*tamaño de gran cun diámetro inferior a 2 mm*). A disposición deste sedimento, as características físicas da costa e as súas condicións climáticas –en especial o vento- determinan a súa existencia.

As principais fontes da que sae o sedimento destes ecosistemas son: erosión de cantís, achegas fuviales, achegas desde a plataforma continental, achegas eólicas e achegas humanas.

A construción dun sistema dunar está ligado á dinámica das praias e depende destes factores básicos:

- A dispoñibilidade de achegas de sedimentos de tamaño area.
- A existencia de ventos de dirección mar cara a terra.
- A existencia de correntes mariñas e ondada adecuada.
- Unha topografía ampla e chá na zona adxacente á praia que facilite a sedimentación de area.
- Un nivel freático que nas zonas litorais atópase a escasa profundidade polo que pode incrementar a cohesión dos materiais.

## O SISTEMA DUNAR DA FROUXEIRA.

O sistema dunar da Frouxeira representa a nivel biolóxico e xeomorfolóxico un dos enclaves de maior singularidade do territorio galego. Nel podemos atopar espléndidos exemplos de “*dunas parabólicas*”, “*piramidaís*” ou “*coppice dunes*” e “*de cola de area*”, así como importantes extensións de “*dunas remontantes*”.


Sistemas dunares da costa galega			
Nome	Provincia (Municipio)	Procedencia da area	Tipos de dunas
<b>A Frouxeira</b>	A Coruña (Valdoviño)	Cantís	Parabólicas, piramidaís e colas de area

Fonte: Táboa\_ Clasificación de dunas. Plan de Ordenación do Litoral (2011)

## A SÚA FORMACIÓN.

As dunas comezan a formarse na zona de “praia seca”, seguindo un proceso que inclúe as seguintes **fases**:

- 1) Prodúcese a germinación de sementes ou se desenvolven fragmentos de plantas, como rizomas ou estolones.
- 2) Os grans de areas son interceptados pola estrutura aérea da vexetación e comezan a acumularse formando pequenos montículos que crecen a medida que crece a planta.
- 3) Cando a densidade vexetal é alta, os montículos fusiónanse e forman unha pequena duna, denominada “**duna embrionaria**”.



**Fonte:** Soria, J.M., Sahuquillo, M., 2009.

## TIPOLOXÍA DUNAR.

### *Zona do primeiro cordón dunar. Dunas embrionarias ou incipientes (tamén denominadas Anteduna ou “Fore dune”-duna primaria).*

Desenvólvense na área inmediatamente posterior á praia alta na que o sedimento é transportado pola acción eólica e atrapado pola vexetación herbácea. Soen presentar un escaso desenvolvemento. Calquera alteración da cobertura vexetal nesta zona pode provocar a súa rápida desestabilización e a desaparición do sedimento.

A conservación destas formacións resulta prioritaria para o mantemento do equilibrio sedimentario dos sistemas praia-duna.

### *Depresión interdunar.*

Normalmente, entre o primeiro cordón dunar e as dunas semiestabilizadas-ou dunas secundarias-existe unha zona deprimida que recibe este nome.

### *Zona de dunas móviles y semiestabilizadas. As dunas secundarias.*

As condicións para o crecemento da vexetación son máis axeitadas nesta segunda liña de duna e o desenvolvemento desta vexetación permite a xeneración dunha pequena capa de humus que contribúe á formación de solo. A extensión desta zona está condicionada polo estado de conservación do primeiro cordón dunar. Cando éste é favorable é posible recoñecer unha variada antoloxía de tipos dunares: No caso da Frouxeira atoparemos as seguintes:

- **Parabólicas:** De forma semicircular e perfil cóncavo, acostuman estar activas polo que son frecuentes os esvaramentos e desprendementos de grandes masas de area favorecidos pola pendente e a escasa cobertura vexetal.
- **Piramidais:** Debuxan perfís afiados e poden alcanzar entre 2-4 m de altura. Fórmanse ao atoparse cun obstáculo, xeralmente vexetal. Trátase de formas elementais que poden favorecer unha etapa de acumulación posterior ou formarse sobre outras dunas.
- **Cola de area:** Trátase de formas alongadas, acumuladas a sotavento dos obstáculos vexetais. Foron xeradas en lugares nos que existe unha topografía plana e vexetación. Acostuman presentar un escaso desenvolvemento.

### ***Zona de dunas estabilizadas. Dunas terciarias, fósiles ou tamén chamadas grises.***

Esta zona tamén pode ser definida como zona de dunas terciarias ou zona de arbustos e bosques. Constitúen o estado final na evolución dunar, cunha topografía suave e practicamente cubertas por diferentes estratos de vexetación, que van desde as gramineas pasando polo mato e os bosques de piñeiro do país (*Pinus pinaster*). A creación de chan edáfico aumenta a medida que nos adentramos na mesma. As dunas (normalmente, de formas parabólicas) atópanse completamente estabilizadas pola vexetación. Hai pouca achega de area e esta só ten lugar durante episodios de fortes ventos. Frecuentemente, a vexetación destas zonas está determinada pola acción humana.

**Para saber máis:** Lembra que o pisoteo, así como a construción inadecuada de infraestruturas de uso público (pasarelas, viais, aparcamentos) afectan moi negativamente ao estado de conservación destes elementos do patrimonio natural.

## **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.**

-Pérez Alberti, A. Y Vázquez Paz, M. (2009): "Caracterización y dinámica de sistemas dunares costeros de Galicia". En Sanjaume, E. Y Gracia, J. (Eds.) (2009) : Las dunas en España. Sociedad Española de Geomorfología, pp. 161-185.

-Sherman, D.J. & Bauer, B.O. (1993): "Dynamics of beach-dune systems". In Progress in Physical Geography. December, vol. 17 nº. 4, pp. 413-447.

-Soria, J.M., Sahuquillo, M., (2009): 1150 Lagunas costeras. En: V.V. A.A., Bases ecológicas preliminares para la conservación de los tipos de hábitat de interés comunitario en España. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. 303.

-VV.AA. (2011): Plan de Ordenación do Litoral. Xunta de Galicia.